

17/03/2023

NOTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN *Cryphonectria parasitica* (CANCRO DO CASTIÑEIRO)


A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasitica*.

As cepas hipovirulenta inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomosis hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realízanse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

O **seguimento de pés tratados** en campañas anteriores permiten coñecer a eficacia das inoculacións feitas, contéplase un período mínimo de 6 meses dende o tratamento ata a dispersión da cepa hipovirulenta, neste senso establecéronse dúas liñas de traballo

1) Desenvolvemento e seguimento en campo das parcelas fixas: No outono do 2020 establecéronse 4 parcelas fixas de seguimento na provincia de Lugo, 3 de elas no concello de Folgoso do Courel, zoa de tradición de recollida de froito, e unha cuarta no concello de Palas de Rei, trátase de un plantación recente destinada á produción de madeira.

2) Seguimento en campo de pés inoculados en anteriores campañas: Faise un seguimento de "visu" no que se valoran con distintos parámetros a eficacia do tratamento realizado. Para a selección das zonas onde se realizarán os seguimentos durante a campaña 2023 fíxose un estudio dos resultados obtidos dos seguimentos das campañas anteriores. Os resultados en canto a cicatrización dos pes tratados son os seguintes:



Lenda

Porcentaxe de pes cicatrizados ou en proceso de cicatrización

- < 20%
- 20% - 40%
- 40% - 60%
- 60% - 80%
- 80% - 100%

- Cuadrículas 16 Km X 16 Km
- Provincias
- Distritos forestales
- Concellos

Durante a campaña de inverno do 2023 realizaranse seguimentos naquelas cuadrículas onde os porcentaxes de curación son máis baixos e naquelas onde non se fixeron seguimentos en anos anteriores.

Durante a semana do 20 ao 24 de marzo realizaranse seguimentos de pes inoculados durante o 2020 nas provincias de Ourense e Lugo.